

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIOS PRÁCTICAS NON LABORAIS

Os convenios de prácticas non laborais están regulados polo Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro. Este Real decreto establece que as empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos Servizos Públicos de Emprego, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, para realizar prácticas de carácter non laboral nos seus centro de traballo, co fin de contribuír a mellorar a súa empregabilidade.

Así mesmo, este Real decreto establece que as empresas que vaian desenvolver prácticas non laborais celebrarán un convenio co Servizo Público de Emprego competente en razón do ámbito territorial do centro de traballo onde se desenvolverán aquelas.

A competencia para a sinatura destes convenios na Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade correspóndelle ao Secretario Xeral Técnico, en virtude do artigo 3 da Orde de 29 de setembro de 2021 (DOG núm.195 do 08.10.2021) sobre delegación de competencias en diversos órganos desta Consellería.

Tendo en conta todo o anterior, a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ten como previsión a sinatura dun convenio de prácticas non laborais coas seguintes empresas, sempre que estas presenten a correspondente solicitude:

- Reproutlet SL
- Rentocio SL
- Summia Consultores SL
- Xenética Fontao SA

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2024

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación



Zeltia Lado Lago

